

Textos: **CARLOS TAIBO, JOSEP MARÍA ANTENTAS, ESTHER VIVAS, ANTONI DOMÈNECH, IVÁN GIMÉNEZ CHUECA, JUAN CARLOS MONEDERO**

Tradución: **RAMÓN NICOLÁS**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Ágora K.

80 páxinas. 13,5x20 cm.

ISBN 978-84-15250-25-8

Prezo: 7 €

A REVOLTA DOS INDIGNADOS

Movemento 15-M: Democracia Real Xa!



...Certamente, somos persoas moi diferentes.

Temos na cabeza ideais e proxectos moi desemeiantes.

Conseguiron, porén, que nos poñamos de acordo nun feixe de ideas...

(Palabras pronunciadas tras a manifestación do 15 de maio na Puerta del Sol, por CARLOS TAIBO)

«Somos persoas normais e correntes. Somos coma ti: xente que se ergue polas mañás para estudar, para traballar ou para procurar traballo, xente que ten familia e amigos. Xente que traballa arreo todos os días para vivir e darlles un futuro mellor aos que nos rodean. Uns considerámonos máis progresistas, outros máis conservadores. Uns crentes, outros non. Uns temos ideoloxías ben definidas, outros considerámonos apolíticos... Mais todos estamos preocupados e indignados polo panorama político, económico e social que vemos ao noso arredor. Pola corrupción dos políticos, empresarios, banqueiros... Pola indefensión do cidadán de a pé. Esta situación máncanos a todos acotío. Mais se todos nos xuntamos, podemos cambiala. É moito hora de botarse a andar, hora de construír entre todos unha sociedade mellor.»

Trala publicación de "Indignédevos!", o manifesto mundialmente coñecido de Stéphane Hessel, a nova entrega da colección Ágora de FAKTORIA K é unha suma de artigos elaborados por analistas e pensadores contemporáneos: "Democracia Real Xa!", de Carlos Taibo; "A revolta d@s indignad@s", de Josep María Antentas e Esther Vivas; "Mellor ao revés", de Antoni Domènech, que reflexiona sobre a alternativa real ao movemento do 15 de maio; "Democracia Real Xa!", de Iván Giménez Chueca, no que apunta conceptos como *open government* e *ciberactivismo*; e "A Marsellesa na Puerta del Sol", de Juan Carlos Monedero. Complétase cos seguintes anexos: o manifesto e as propostas do Movemento 15-M; un comunicado das comunidades cristiás populares do Estado español; e o Manifesto Feminista de Sol.

E como complemento destas dúas lecturas, a colección Narrativa K vén de incorporar "1984", escrita por George Orwell en 1949, e traducida ao galego por Fernando Moreiras. Está considerada como unha das mellores novelas do século XX, e representa unha demoledora crítica a toda ditadura.

CARLOS TAIBO. Profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade Autónoma de Madrid, onde tamén dirixiu o programa de estudos rusos do Instituto de Socioloxía das Novas Tecnoloxías. É autor dunha vintena de libros, relativos principalmente ás transicións na Europa central e oriental.

JOSEP MARIA ANTENTAS. Profesor de Socioloxía na Universidade Autónoma de Barcelona. Membro do Centre d'Estudis Sociològics sobre la Vida Quotidiana i el Treball (QUIT).

ESTHER VIVAS. Activista e autora de diversos libros sobre movementos sociais e soberanía alimentaria. Forma parte do Centre d'Estudis sobre Moviments Socials da Universidade Pompeu Fabra.

ANTONI DOMÈNECH FIGUERAS. Filósofo. Autor de numerosos artigos en revistas especializadas sobre temas das súas especialidades académicas; tivo tamén unha intensa actividade como publicista político e foi cofundador e redactor de varias revistas de intervención e crítica político-cultural.

IVÁN GIMÉNEZ CHUECA. Licenciado en Historia (Univ. Autónoma de Barcelona) e Xornalismo (Univ. Pompeu Fabra). Cursou o Máster de Estudos de Asia e Pacífico (Univ. de Barcelona). Traballa como xornalista «freelance» e colabora con publicacións de divulgación histórica e política internacional.

JUAN CARLOS MONEDERO. Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía (Univ. Complutense de Madrid). Profesor titular de Ciencia Política. Dita un curso de doutoramento sobre transformacións políticas na Globalización. Foi observador internacional de procesos electorais en Venezuela, México e Colombia.